

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Xaneiro e Febreiro 2007 COMUNICADO

En xaneiro e febreiro de 2007 os prezos de exportación creceron por riba dos prezos de importación.

Nos dous primeiros meses do ano o índice de prezos das exportacións creceu un 9,4% con respecto ao mesmo período do ano anterior.

Os prezos dos bens exportados e expedidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 9,4% nos dous primeiros meses de 2007 con respecto ó mesmo período do ano 2006. Se a serie a corriximos de estacionalidade a variación interanual tamen acadou un 9,4%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo creceron un 12,4%, os prezos dos bens intermedios creceron un 8,2% e os prezos dos bens de equipo creceron un 1,6%.

Pola contra, nestes dous primeiros meses o índice de prezos das importacións decreceu un 3,6% nos dous primeiros meses de 2007 con respecto ao mesmo período do ano anterior.

Os prezos dos bens importados e introducidos na Comunidade Autónoma de Galicia decreceron un 3,6% nos dous primeiros meses de 2007 con respecto ó mesmo período do ano 2006. Corrixido de estacionalidade os prezos das importacións decreceron un 3,5%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo e os ben de equipo creceron un 0,2% e un 8,5%; pola contra os prezos dos bens intermedios decreceron un 4,5%.


Índices de valor unitario. Febreiro 2007. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Exportacións/expedicións	110,1	11,8%	9,4%
Importacións/introduccións	104,9	0,2%	-3,6%
Datos corrixidos de estacionalidade			
Exportacións/expedicións	109,9	11,8%	9,4%
Importacións/introduccións	105,9	0,1%	-3,5%

FOINTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior



No seguinte gráfico pódese observar a evolución dos índices de exportación e importación dende 2000.



FOINTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>